

Plan de Igualdade da Escola Oficial de Idiomas da Coruña (2025–2028)

ÍNDICE:

1. Introducción e xustificación
2. Principios e finalidades
3. Estrutura organizativa e responsabilidades
4. Diagnóstico inicial
5. Obxectivos
 - 5.1. Obxectivo xeral
 - 5.2. Obxectivos específicos
6. Liñas de actuación
 - a) Currículo e metodoloxía
 - b) Actividades culturais e de promoción das linguas
 - c) Convivencia e prevención
 - d) Formación e sensibilización
 - e) Comunicación e linguaxe inclusiva
 - f) Coordinación e representación
7. Avaliación e seguimento
8. Aprobación, difusión e vixencia
9. Conclusión

1. Introducción e xustificación

A Escola Oficial de Idiomas da Coruña e as súas seccións de Arteixo, Carballo, Cee e Culleredo asumen o compromiso de promover unha educación baseada na igualdade de oportunidades, no respecto á diversidade e na prevención de toda forma de discriminación.

Este plan intégrase no Proxecto Educativo de Centro e na Programación Xeral Anual, de acordo co marco normativo vixente:

- Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a LOE (LOMLOE), que reconece o principio de igualdade de oportunidades e a prevención da violencia de xénero como principios básicos do sistema educativo (art. 1 e 2).
- Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes (art. 23 e 24).
- Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- Decreto 189/2010, do 11 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Orgánico das Escolas Oficiais de Idiomas (ROC), artigos 36 e 38 sobre competencias do Claustro e do Consello Escolar.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a convivencia nos centros docentes de Galicia.
- Instrucións anuais da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa sobre igualdade, convivencia e prevención da violencia de xénero.
- Plan Galego de Convivencia e Inclusión Educativa 2023–2027 da Consellería de Educación, que establece a igualdade como un eixo transversal da convivencia escolar.

O Plan de Igualdade ten como finalidade incorporar a perspectiva de xénero en todas as actuacións docentes, culturais e organizativas da EOI da Coruña, contribuíndo a unha convivencia positiva, respectuosa e libre de estereotipos.

2. Principios e finalidades

O Plan de Igualdade baséase nos seguintes principios:

- a) igualdade real e efectiva de mulleres e homes,
- b) non discriminación por razón de sexo, identidade de xénero ou orientación sexual,
- c) educación en valores de respecto, empatía e corresponsabilidade,

- d) linguaxe inclusiva e imaxe equilibrada de xénero,
- e) integración da igualdade en todas as linguas e actividades culturais,
- f) coordinación co Plan de Convivencia, o Plan Educativo do Centro, o Plan Lector, o EDLG e os Plans de Formación,
- g) avaliación continua e mellora permanente.

As finalidades principais son:

- garantir a igualdade de trato e oportunidades,
- prever a violencia de xénero e calquera forma de acoso,
- visibilizar o papel das mulleres nas linguas e culturas ensinadas,
- fomentar a participación equilibrada en órganos e actividades,
- fortalecer a formación e sensibilización da comunidade educativa.

3. Estrutura organizativa e responsabilidades

De acordo co Decreto 189/2010 (art. 25 e 36) e co Decreto 229/2011, a aplicación do Plan de Igualdade organízase da seguinte forma:

Dirección: garante o cumprimento da normativa e a integración da igualdade en todos os documentos e plans do centro.

Comisión de Igualdade e Convivencia: órgano de traballo do Consello escolar, integrado pola dirección e representantes do profesorado, do alumnado e do PAS. Realiza o seguimento, a avaliación e recolle e propón melloras.

Departamentos didácticos: integran contidos, actividades e referentes femininos e diversos nas programacións.

Claustro: informa e colabora cos aspectos docentes do plan.

Consello Escolar: aproba o Plan de Igualdade, segundo os artigos 36 e 38 do ROC.

PAS e alumnado: colaboran nas campañas, na difusión das accións e na promoción do respecto e da igualdade nas relacións diarias.

4. Diagnóstico inicial

O diagnóstico, revisado anualmente, reflicte as seguintes características:

Maior presenza feminina no alumnado e no persoal da EOI.

Participación igualitaria nos órganos de goberno e coordinación.

Necesidade de reforzar o uso sistemático da linguaxe inclusiva nas comunicacións institucionais.

Desigual presenza de referentes femininos nas actividades culturais e materiais docentes dalgunhas linguas.

Bo clima de convivencia e ausencia de casos graves, aínda que se require manter accións preventivas e formativas continuas.

5. Obxectivos

5.1. Obxectivo xeral

Promover a igualdade de oportunidades e a prevención de toda forma de discriminación e violencia de xénero, integrando a perspectiva de xénero na práctica docente, na convivencia e na xestión da EOI da Coruña.

5.2. Obxectivos específicos

- a) Incorporar a igualdade e a diversidade nas programacións didácticas e metodoloxías.
- b) Garantir o uso da linguaxe inclusiva e da imaxe equilibrada en todos os documentos, comunicacións e medios dixitais.
- c) Previr, detectar e actuar ante situacións de acoso, violencia de xénero ou discriminación, en coordinación co Protocolo de prevención e actuación fronte á violencia de xénero nos centros docentes (Instrucións D.X. 2024–2025).
- d) Reforzar a formación e sensibilización do profesorado, alumnado e PAS.
- e) Promover a participación equilibrada en órganos e actividades.
- f) Visibilizar o papel das mulleres e das identidades diversas nas linguas e culturas estudadas.
- g) Garantir a coherencia entre sede e seccións na aplicación do plan.

6. Liñas de actuación

a) Currículo e metodoloxía

Integración de contidos, textos e referentes femininos e diversos nas actividades da EOI.

Inclusión de tarefas que fomenten a reflexión crítica sobre estereotipos e desigualdades.

b) Actividades culturais e de promoción das linguas

Aproveitar a organización das actividades dos diferentes departamentos para promover a igualdade, a través de charlas, exposicións, concursos, etc.

Colaboración co EDLG, coa Biblioteca e cos departamentos para incorporar obras de autoras e temas vinculados á igualdade.

Celebración de datas significativas (8M, 25N, 11F, 21M) e difusión de campañas doutras institucións.

Impulso de actividades que relacionen igualdade, lingua e interculturalidade.

c) Convivencia e prevención

Integración plena do Plan de Igualdade no Plan de Convivencia, como medida preventiva fronte á discriminación, o acoso e a violencia de xénero (Decreto 229/2011).

Coordinación coa Comisión de Convivencia na detección temperá de posibles situacións de risco.

Aplicación dos protocolos vixentes de acoso e violencia de xénero, garantindo confidencialidade e acompañamento.

d) Formación e sensibilización

Animar a participación do profesorado en accións de formación do CAFI e do CFR, segundo o Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, sobre formación permanente do profesorado.

Difusión de recursos didácticos e de sensibilización.

e) Comunicación e linguaxe inclusiva

Revisión dos documentos oficiais e dos textos da web para asegurar o uso inclusivo da linguaxe.

Actualización dos modelos administrativos e informativos conforme ás recomendacións da Unidade de Igualdade da Consellería de Educación.

f) Coordinación e representación

Coordinación estable entre a sede e as seccións para asegurar a coherencia na aplicación das accións.

Enlace coa Unidade de Igualdade da Consellería e coas entidades locais e educativas da contorna.

7. Avaliación e seguimento

A avaliación realízase na memoria final de cada curso, tendo en conta os seguintes indicadores:

- número de accións formativas e culturais con enfoque de igualdade,
- incidencias rexistradas e actuacións preventivas,
- grao de satisfacción da comunidade educativa (enquisa anual).

8. Aprobación, difusión e vixencia

O Plan de Igualdade é elaborado e revisado pola dirección e pola comisión de convivencia e igualdade, informado polo Claustro e aprobado polo Consello Escolar, conforme aos artigos 36 e 38 do Decreto 189/2010.

Publicarase na web institucional, garantindo a súa accesibilidade.

Ten unha vixencia de tres cursos académicos (2025–2028) e será revisado no curso 2027–2028, coincidindo coa avaliación do Proxecto Educativo de Centro.

9. Conclusión

A Escola Oficial de Idiomas da Coruña promove a igualdade real, a diversidade e o respecto nas relacións humanas e nas prácticas docentes.

A igualdade, entendida como valor transversal, forma parte esencial da identidade da EOI.

Esta Plan de Igualdade foi revisado polo Claustro en xaneiro de 2026 e aprobado polo Consello escolar o 20 de febreiro de 2026.